



CONCELLO DO CORGO
Lugar A Portela, s/n
27163 O Corgo
LUGO

RESOLUCIÓN DO CONSELLO DE MEMBROS DA REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA SOBRE A RATIFICACIÓN DA INCORPORACIÓN DUN NOVO MEMBRO

Expediente núm.: 203

Asunto: solicitude de adhesión á Rede de Dinamización Lingüística

Interesado/a: Concello do Corgo **Data de iniciación:** 14.02.2020

Procedemento: ED116A incorporación á Rede

ANTECEDENTES

1. A entidade Concello do Corgo presentou unha solicitude de adhesión á Rede de Dinamización Lingüística o día 14.02.2020.
2. A Xunta Directiva da Rede de Dinamización Lingüística, por acordo do día 23 de decembro de 2020 aceptou a súa incorporación provisional á Rede.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Rede de Dinamización Lingüística creouse pola Orde do 14 de setembro de 2010 (DOG núm. 182, do 21 de setembro de 2010).
2. No artigo 14 desa orde establécese o procedemento de adhesión e separación da Rede.
3. O Consello de Membros é o órgano competente para ratificar a incorporación de novos membros, de acordo co establecido no artigo 5.7.b da orde referida.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Ratificar a incorporación da entidade Concello do Corgo á Rede de Dinamización Lingüística.

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, no prazo dun mes, un recurso potestativo de reposición ante este órgano ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso administrativa, segundo o establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Mediante este documento notifícaselle á entidade Concello do Corgo esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2020

O presidente do Consello de Membros da
Rede de Dinamización Lingüística

Valentín García Gómez

